




Orientación Académica 4º ESO



Departamento de Orientación
IES Terra de Soneira

Introdución 5**E despois da ESO, que?..... 5**

O novo Bacharelato LOMCE 6

Os Estudos Universitarios..... 12

Títulos de Grao 15

Os Ciclos de Formación Profesional .. 19

Formas de Acceso a Ciclos de Grao Medio 23

Formas de acceso a Ciclos de Grao Superior 24

Oferta de Ciclos de Formación Profesional: 29

As Ensinanzas de Réxime Especial 41

Ensinanzas De Música 41

Ensinanzas De Danza 45

Arte Dramática 46

Os Ciclos de Artes Plásticas e Deseño 47

Estudos Superiores de Artes Plásticas e Deseño 51

Ensinanzas de Idiomas 54

Ensinanzas Técnico–Deportivas 55

A Formación Profesional**Ocupacional..... 58****Ensinanzas para Persoas Adultas 62**

A Educación Secundaria de Adultos(ESA): 64

O Bacharelato para Persoas Adultas 67

Os Ciclos Formativos para Persoas Adultas	68
Aulas Mentor	69
A Modalidade Semi-presencial e a Distancia	70

Forzas e Corpos de Seguridade 71

Oposicións ao Corpo da Garda Civil	71
Oposicións ao Corpo Nacional de Policía	73
Oposicións aos corpos de institucións penitenciarias	76
Oposicións para o ingreso na Escala Superior de Técnicos de Tráfico	76

Corpo de Bombeiros 80

No caso de non superar a ESO 81

Probas de acceso a Ciclos de Grao Medio	81
Probas para a obtención do Título de Educación Secundaria	83

Prazos de solicitude e Matrícula 86

Introdución

O equipo de profesores, e de xeito especial os titores de 4º de ESO e o Departamento de Orientación, estamos interesados en que, cando remates este curso, teñas unha idea clara e realista do que queres facer no futuro, a curto e medio prazo. O programa titorial que estás a desenvolver nestas páxinas, ten esa finalidade.

Este caderno ten un carácter orientativo. Nel atoparás unha descrición básica das distintas alternativas que terás ó rematala ESO (co título de Graduado ou sen el)

E despois da ESO, que?

Tes as seguintes opcións:

Bacharelato

A Formación Profesional Específica

As Ensinanzas de Réxime Especial

Se non tes o título de graduado en ESO, segues a ter varias posibilidades:

Ciclo de Formación Profesional Básica (FPB)

A Ensinanza de Persoas Adultas

Acceder ós Ciclos Formativos de Grao Medio, mediante proba e con 17 anos cumpridos no ano en que se celebran as probas.

Outras Alternativas

A Formación Ocupacional

Formación non regrada

Incorporarse ó mundo laboral

O novo Bacharelato LOMCE

É a última etapa da Educación Secundaria, non é obrigatoria e a súa duración é de dous cursos, normalmente entre os 16 e os 18 anos.

Que finalidades ten?

Completar e consolidar a autonomía moral, social e intelectual.

Desenvolver a madurez humana e intelectual.

Orientar vocacionalmente acorde coas preferencias e aptitudes.

Acceder a estudos Superiores: universitarios e de formación profesional.

Como se accede?

Co título de ESO ou título de técnico (Ciclo Medio)

Como está organizado?

Dura 2 cursos académicos.

Poderás permanecer escolarizado durante catro cursos académicos.

Dentro de cada modalidade hai varias opcións e itinerarios.

Na modalidade que escollas cursarás materias de tres tipos: troncais (xerais e de opción), específicas e de libre configuración.

Repetirán 1º curso os alumnos que teñan avaliación negativa en máis de dúas materias. En todo caso deberán matricularse no 2º curso das materias pendentes de 1º.

No Bacharelato hai probas extraordinarias en setembro das materias nas que non se obtivo cualificación positiva.

Se promocionas a 2º con algunha suspena deberás recuperala.

Se ao rematar 2º tes avaliación negativa nalgúns materias poderás matricularte delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou optar por repetir o curso completo.

Para acadar o título será necesaria a superación da avaliación final de Bacharelato, así como unha cualificación final de Bach igual ou superior a 5.

A cualificación desta etapa será a que resulte da seguinte ponderación: 60% nota media de Bach e 40% nota da avaliación final de Bach.

Poderás escoller entre 3 modalidades diferentes:

Ciencias

Humanidades e Ciencias Sociais.

Artes.

Cambio de modalidade

En determinadas condicións pódese cambiar de modalidade ou de itinerario en 2º curso, pero terás que pensalo moi ben e ter en conta que , por exemplo cambiar de modalidade de Bacharelato non é doado pois estarías obrigado a facelas tres materias de modalidade de 1º curso, ademais das de 2º.

Que son os itinerarios?

As ensinanzas do Bacharelato permítenche cursar estes estudos en función das túas preferencias: escoller unha modalidade entre tres previstas, unha opción dentro de cada modalidade e unhas determinadas optativas.

Estas sucesivas eleccións configuran o teu itinerario persoal. É necesario pois, que teñas unha idea clara do que queres para poder deseñar o itinerario máis acorde coas túas preferencias e necesidades.

Que tipo de materias terás que estudar?

Terás 3 tipos de materias:

1. Troncais: distínguense á súa vez dous tipos: troncais xerais e troncais de opción.
2. De configuración específica.
3. De libre configuración autonómica.

A que da acceso o título de Bacharelato?

Co título de Bacharel podes acceder ó maior número de saídas profesionais:

- Carreiras Universitarias: títulos de grao.

Desaparece a PAU, pero cada universidade poderá establecer avaliacións específicas de coñecementos e/ou competencias no procedemento de admisión do alumnado.

- Ciclos Formativos de Grao Superior de calquera Familia Profesional.
- Os estudos Superiores de Ensinanzas de Réxime Especial .
- Outros estudos:

Piloto Civil, Estudos Militares Superiores, Forzas de Corpos de Seguridade, Centro Superior de Hostalería de Santiago.

Os diferentes estudos están vinculados a cada modalidade e materias do Bacharelato, de xeito que en función do Bacharelato escollido poderás acceder a unhas carreiras e Ciclos Superiores determinados.

Antes de escoller unha modalidade de Bacharelato, e unhas determinadas materias debes saber que:

- Para acceder a un título universitario debes superar, ademais do Bacharelato, a superación da avaliación final de Bacharelato.
-

Nos títulos con límite de prazas terase en conta a nota de acceso, que será unha ponderación entre e a nota media dos dous cursos de Bacharelato e a nota de avaliación final de bacharelato.

- Para acceder a un Ciclo Superior de FP só se necesita un título de Bacharelato vinculado á esa familia profesional. A nota de acceso será a nota media das materias cursadas no Bacharelato.

Materias de Primeiro Curso de Bacharelato				
	Ciencias	Humanidades e Ciencias Sociais		Artes
Troncais	Xerais			
	Matemáticas I	Itinerario :Humanidades	Itinerario: C. Sociais	Fundamentos da Arte I
		Latín I	Mat. Aplicadas a CC. SS I	
	Filosofía Lingua Castelá e Literatura I		Lingua Galega e Literatura I Primera Lingua Estranxeira I	
	Opción de Bloque (elixir polo menos 2)			
	Bioloxía e Xeoloxía Debuxo Técnico I Física E Química	Hist. do Mundo Contemporáneo Lit. Universal	Economía Grego I	Hist. do Mundo Contemporáneo Lit. Universal Cultura Audiovisual I
Específica e de Libre Configuración	Obrigatorias			
	Educación Física			
	Optativas (Un mín. de 2 e un máx. de 3)			
	Análise Musical I 3		Linguaxe e Práctica Musical 3	
	Anatomía Aplicada 3		Segunda Lingua Estranxeira 3	
	Cultura Científica 3		Tecnoloxía Industrial I 3	
Debuxo Artístico I 3		TIC I 3		
Debuxo Técnico I 3		Volume 3		
Unha materia do bloque de asignaturas troncais non cursadas polo alumno 4				
Relixión 1				
Libre Configuración do Centro 1				

Materias de Segundo Curso de Bacharelato				
	Ciencias	Humanidades e Ciencias Sociais		Artes
Troncais	Xerais			
	Matemáticas II	Itinerario :Humanidades	Itinerario: C. Sociais	Fundamentos da Arte II
		Latín II	Mat. Aplicadas a CC. SS II	
	Historia de España Lingua Castelá e Literatura II		Lingua Galega e Literatura II Primera Lingua Estranxeira II	
	Optativas (Elixir polo menos 2)			
	Bioloxía Debuxo Técnico II Física Xeoloxía Química	Economía da Empresa Xeografía Grego II Historia da Arte		Historia da Filosofía Artes Escénicas Cultura Audiovisual II Deseño
	Específica e de Libre Configuración	Materias específicas de opción		
Análise Musical II 3 Ciencias da Terra e o Medio Ambiente 3 Debuxo Artístico II 3 Debuxo Técnico II * 3 Fundamentos de Admin. e Xestión 3 Historia da Filosofía * 3 Historia da Música e Danza 3		Imaxe e Son 3 Psicoloxía 3 Segunda Lingua Estranxeira II 3 Técnicas de Expresión Grafolástica 3 Tecnoloxía Industrial II 3 Tecnoloxía da Información e da Comunicación II 3		
Unha materia do bloque de asignaturas troncais non cursadas polo alumno 4 *(agás que se escollera como troncal optativa)				
Relixión 1 Libre Configuración do Centro 1/2				

Os Estudos Universitarios

Os títulos universitarios divídense en títulos de:

Grao: Obtense o título de graduado.

Postgrao:

Master: trala superación dun grao obtense unha formación especializada e máis avanzada. Obtense o título de Master.

Doutoramento: trala superación dun grao e un Master, obtense unha formación avanzada en técnicas de investigación. Obtense o título de Doutor.

Todos estes títulos están organizados en **5 ramas de coñecemento**, que coinciden, máis ou menos, coas modalidades de Bacharelato. E a cada rama de coñecemento pertencen os diferentes títulos de grao que se ofertan nas diferentes universidades.

1. **Ciencias Sociais e xurídicas.**
2. **Artes e humanidades.**
3. **Ciencias da saúde.**
4. **Ciencias.**
5. **Enxeñaría e arquitectura.**

Desaparece a Proba de Acceso á Universidade (PAU). A admisión de alumnos por parte das universidades poderase determinar das seguintes maneiras:

- As universidades poderán determinar a admisión de alumnos que obtivesen o título de Bacharel ou equivalente exclusivamente polo criterio da cualificación final obtida no Bacharelato.
-

• Ademais, as universidades poderán fixar procedementos de admisión de alumnos que obtivesen o título de Bacharel ou equivalente, de acordo coa normativa básica que estableza o Goberno, que deberá respectar os principios de igualdade, non discriminación, mérito e capacidade. Eses procedementos utilizarán, xunto ao criterio da cualificación final obtida no Bacharelato, algún ou algúns dos seguintes criterios de valoración:

- Modalidade e materias cursadas no Bacharelato, en relación coa titulación elixida.
- Cualificacións obtidas en materias concretas dos cursos de Bacharelato, ou da avaliación final desa etapa.
- Formación académica ou profesional complementaria.
- Estudos superiores cursados con anterioridade.

Ademais, de forma excepcional, poderán establecer avaliacións específicas de coñecementos e/ou de competencias. A ponderación da cualificación final obtida no Bacharelato deberá ter un valor, como mínimo, do 60 % do resultado final do procedemento de admisión.

As universidades poderán acordar a realización conxunta de todo ou parte dos procedementos de admisión que establezan, así como o recoñecemento mutuo dos resultados das valoracións realizadas nos procedementos de admisión. A continuación presentámosche o vínculo entre as materias de modalidade de Bacharelato e as diferentes ramas de coñecemento das ensinanzas universitarias, así como os diferentes títulos de grao que se ofertan en cada rama (Oferta de toda España).

Adscrición das materias de modalidade de bacharelato ás ramas de coñecemento das ensinanzas universitarias:

**Vinculación das materias de modalidade de
Bacharelato e as Ramas de coñecemento das
ensinanzas universitarias**

Ciencias Sociais E Xurídicas

Análise Musical II
Anatomía Aplicada
Artes Escénicas
Bioloxía
Ciencias Da Terra e Medioamb.
Cultura Audiovisual
Debuxo Artístico II
Debuxo Técnico II
Deseño
Economía
Economía Da Empresa
Física
Grego II
Hª Da Música e Da Danza
Hª Da Arte
Hª Do Mundo Contemporáneo
Latín II
Linguaxe e Práctica Musical
Literatura Universal
Matemáticas II
Matemáticas Aplicadas Ás CCSS
Química
Volume

Enxeñería e Arquitectura

Bioloxía
CC. da Terra e Medioambientais
Debuxo Técnico II

Artes E Humanidades

Análise Musical II
Anatomía Aplicada
Artes Escénicas
Cultura Audiovisual
Debuxo Artístico II
Debuxo Técnico II
Deseño
Economía
Economía Da Empresa
Xeografía
Grego II
Hª Da Música E Da Danza
Hª Do Mundo Contemporáneo
Latín II
Linguaxe Práctica Musical
Literatura Universal
Matemáticas Aplicadas Ás CCSS
Técnicas De Exp. Gráf.-Plástica
Volume

Ciencias

Bioloxía
CC. da Terra e Medioambientais
Electrotécnica
Física
Matemáticas II
Química
Tecnoloxía Industrial

Deseño Economía Economía Da Empresa Electrotécnica Física Matemáticas II Química Tecnoloxía Industrial II	<i>Ciencias da Saúde</i> Anatomía Aplicada Bioloxía CC. da Terra e Medioambientais Física Matemáticas II Química
--	---

Títulos de Grao

Podes ver unha recompilación representativa da oferta de títulos de tódalas Universidades Españolas.

(En negra os impartidos no Sistema Universitario Galego)

<i>Ciencias</i>	
Bioquímica Xeoloxía Biotecnoloxía Ciencias Ambientais Ciencias do Mar Química Bioloxía Bioquímica e Bioloxía molecular Enoloxía Microbioloxía	Ciencias da Alimentación Física Bioloxía Ambiental Matemáticas Ciencias Biomédicas Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos Matemáticas e Estatística Bioquímica e Biomedicina

Ciencias da Saúde

Medicina
Odontoloxía
Podoloxía
Enfermería
Psicoloxía
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
Fisioterapia

Nutrición Humana e Dietética
Farmacía
Óptica e Optometría
Terapia Ocupacional
Bioloxía Sanitaria
Logopedia
Veterinaria

Enxeñaría e Arquitectura

Arquitectura
Arquitectura Naval
Enxeñaría Agraria
Enxeñaría Agrícola
Enxeñaría das Industrias Agro alimentarias
Enxeñaría Forestal
Enxeñaría Forestal e do medio natural
Enxeñaría da Edificación
Enxeñaría de Materiais
Enxeñaría Informática
Enxeñaría de Sistemas de Información
Enxeñaría de Sistemas Audiovisuais
Enxeñaría de Son e Imaxe
Enxeñaría en Tecnoloxías da Telecomunicación
Enxeñaría das Tecnoloxías Industriais
Enxeñaría Electrónica, Industrial e Automática

Enxeñaría en Química Industrial
Enxeñaría dos Procesos Químicos Industriais
Enxeñaría Mecatrónica
Enxeñaría Mecánica
Enxeñaría da Enerxía
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Obras Subterráneas
Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque
Enxeñaría en Arquitectura Naval
Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo
Enxeñaría Mariña
Enxeñaría de Obras Públicas
Tecnoloxía da Enxeñaría Civil
Enxeñaría de Computadores
Deseño Industrial
Enxeñaría do Deseño Industrial e o desenvolvemento do produto
Informática de Servizos

Enxeñaría Electrónica de Telecomunicación Enxeñaría Eléctrica Enxeñaría de Organización Industrial Enxeñaría de Tecnoloxías Industriais Enxeñaría Telemática Enxeñaría Química	Matemáticas Enxeñaría Matemática Fotografía e Creación Dixital Xeografía, Ordenación do Territorio e xestión. Enxeñaría Xeomática e Topografía
--	---

Ciencias Sociais e Xurídicas

Logopedia Xornalismo Publicidade e Relacións Públicas Mestre: Educación Infantil, Educación Primaria Educación Social Consultaría e Xestión da Información Pedagogía Comunicación Audiovisual Antropoloxía Social e Cultural Criminoloxía Relacións Laborais Relacións Laborais e RH Relacións Laborais e Emprego Relacións internacionais Ciencias Políticas e da Administración Ciencias Políticas e Xestión Pública Ciencias do traballo Comercio Traballo Social	Dereito Turismo Turismo e Xestión do ocio Administración de organizacións e recursos turísticos Economía /Ciencias Económicas Ciencias empresariais Estatística Administración e Dirección de Empresas Dirección de empresas tecnolóxicas Medios Audiovisuais Ciencias da Actividade Física e do Deporte (Proba específica de acceso) Socioloxía Xestión Turística e Hostaleira Xeografía e Ordenación do Territorio Comercialización e loxística Xestión Pública
--	---

Artes e Humanidades

Arqueoloxía

Historia

Historia da Arte

Historia e patrimonio artístico

Historia e Ciencias da Música

Belas Artes

Filoloxía: Vasca, clásica, hispánica, románica.

Filosofía

Humanidades

Información e documentación

Ciencias e linguas da antigüidade

Linguas modernas

Linguas estranxeiras

Linguas Aplicadas Lingüística

Cine e medios audiovisuais

Ciencias da cultura e difusión cultural

Deseño

Deseño e moda

Español, Lingua e Literatura

Estudios cataláns e occitanos

Estudios hispánicos, lingua e literatura

Estudios clásicos

Estudios de Asia Oriental

Estudios de Asia e África-Árabe, Chino e Xaponés.

Estudios árabes e islámicos

Estudios árabes e hebreos

Estudios literarios

Estudios ingleses

Estudios alemáns

Estudios Franceses

Estudios italianos

Estudios semíticos e islámicos

Estudios portugueses e brasileiros

Español: Estudios Lingüísticos e literarios.

Inglés: Estudios lingüísticos e literarios.

Estudios de Galego e Español.

Lingua e literatura: Cataláns, hispánicas, Española, Galega, Inglesa, Moderna.

Tradución e interpretación

Ciencias da danza

Comunicación cultural

Musicoloxía

Xeografía e historia

Xeografía, Ordenación do territorio e Xestión do Medio Ambiente

Galego e Portugués: Estudios Lingüísticos e literarios.

Os Ciclos de Formación Profesional

(www.edu.xunta.es/fp)

A Formación Profesional estruturase en Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior.

A finalidade da Formación Profesional é a preparación do alumnado para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado das diferentes profesións.

Como está organizada a Formación Profesional?

Comprende na actualidade tres subsistemas:

1. Formación profesional específica: que se organiza en Ciclos de Grao Medio e de Grao Superior.
2. Formación profesional ocupacional: que comprende as ensinanzas non regradas dirixidas a proporcionar capacitación profesional (para demandantes de emprego)
3. Formación profesional continua: dirixida a melloral a formación das persoas que xa están traballando.

Ímonos a ocupar aquí da formación profesional específica.

Que é a Formación Profesional Específica?

A formación profesional ordénase en 26 familias profesionais –grupo de ocupacións– que configuran un sector económico e concorren nunha mesma actividade produtiva.

Pola súa vez, as familias profesionais están constituídas por ciclos formativos co obxectivo de formar profesionais de cada sector profesional con máis capacitación e máis cualificación. Cada ciclo formativo comprende un conxunto de módulos profesionais de formación teórica e práctica.

Os ciclos formativos poden ser de grao medio ou de grao superior, e a súa duración é variable, cun máximo de dous cursos académicos. Teñen como obxectivo prepararte para a actividade profesional elixida e capacitarte para o desempeño cualificado dunha profesión.

Como se Accede?

Aos Ciclos de Grao Medio:

Co título de Graduado en Educación Secundaria. De non ter o título, podes acceder a calquera Ciclo de Grao Medio se superas unha proba de acceso.

Aos Ciclos de Grao Superior:

Co título de Bacharelato. De non ter o título coa superación dunha proba de acceso que varía en función do Ciclo ao que queres acceder.

Onde se Estudan?

Nos institutos de educación secundaria públicos e nos centros privados autorizados.

Como Están Organizados?

Quédate con estas tres palabriñas (as que están subliñadas) :

A **familia profesional**: é o nome que enmarca unha actividade nun determinado campo de traballo.

Actualmente hai unhas 26 familias de formación profesional.

Dentro de cada familia hai **Ciclos formativos**: recollen un conxunto de destrezas orientadas ao exercicio dunha profesión concreta. Cada familia ten diferentes Ciclos formativos de grao Medio ou de grao Superior, que se corresponden con cada profesión.

Cada Ciclo formativo comprende unha serie de **módulos**. Son as áreas ou materias de contido teórico e práctico que terías que estudar ("as materias"). Existen uns módulos que son comúns a tódolos Ciclos: FOL (Formación e Orientación laboral), RET (Relacións no contorno do traballo), FCT (Formación en Centros de Traballo), Proxecto integrado.

Os tipos de módulos que hai están directamente relacionados coa profesión estudada, é dicir, xa non existen materias como lingua e literatura, matemáticas, filosofía, ciencias sociais, etc., pero si é importante a formación previa que teñas para ter unha boa base que che faga cursar con éxito os Ciclos.

Que é a FCT (Formación en Centros de Traballo)?

Consiste nun período de prácticas que terás que desenvolver nunha empresa, e que normalmente dura 3 meses ao final do Ciclo. Como ves é un módulo con moitas horas e para acceder a el hai que superar tódolos outros módulos que se imparten no instituto.

Canto duran os Ciclos?

Normalmente 2000 horas (incluídas as prácticas), distribuídas en dous cursos académicos.

Que Titulación Se Obtén?

Co **Ciclo de grao Medio**: Título de Técnico na profesión correspondente. Podes acceder ó mundo laboral ou ó Bacharelato. Non se pode acceder directamente ós Ciclos de grao Superior.

Co **Ciclo de grao Superior**: Título de Técnico Superior. Con el podes acceder ao mundo laboral ou a certas carreiras universitarias.

Lembra que para obter os títulos é imprescindible superar tódolos módulos que se imparten en cada Ciclo.

Que Son Os Ciclos De Artes Plásticas e Deseño?

Son uns Ciclos de grao Medio e Superior que se estudan en Escolas de Artes e que para acceder a eles, ademais da titulación necesaria (ESO ou Bacharelato) hai que superar unha proba que mide as aptitudes e habilidades para cursar ese Ciclo con aproveitamento.

Cales son os Réximes e as Modalidades para realizar os estudos de FP?

Actualmente, a Formación Profesional pódese cursar por curso completo no réxime ordinario, na modalidade presencial, asistindo diariamente a un centro formativo— , ou de xeito parcial por módulos formativos no réxime de persoas adultas, nas modalidades tanto presencial, semi-presencial ou a distancia.

A matrícula parcial por módulos permite que cada persoa deseñe o seu itinerario formativo en función da súa actividade laboral, das cargas familiares ou doutras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais ao longo da vida.

Para realizar a matrícula no réxime de persoas adultas é preciso ter cumpridos os 18 anos no ano natural no que se inicien os estudos.

Que saídas teñen os Ciclos de FP?

Ao finalizar un ciclo formativo de grao medio pódese acceder directamente ao Bacharelato e a calquera outro ciclo formativo de grao medio e, mediante proba, aos ciclos de grao superior.

No caso de ter finalizado un ciclo formativo de grao superior poderase acceder de modo directo, sen necesidade de proba, a calquera ensinanza universitaria de grao e a calquera outro ciclo formativo de grao superior. Se o título universitario tivese limitación de prazas o acceso farase tendo en conta a nota media do ciclo formativo. Para mellorar esta nota de acceso é posible presentarse a unha proba (fase específica das PAU).

No caso de acceder ás ensinanzas universitarias desde un ciclo formativo de grao superior é posible ter o recoñecemento de créditos universitarios (validar materias do título universitario).

A obtención do título de técnico ou técnico superior, pola superación dun ciclo formativo de grao medio ou grao superior respectivamente, permite a incorporación da persoa ao mercado laboral.

O exercicio da profesión dunha persoa titulada de formación profesional comporta o desempeño cualificado dunha actividade nun campo profesional, que pode ser executada de xeito autónomo e que pode levar consigo a asunción de responsabilidades dentro dunha organización produtiva.

Formas de Acceso a Ciclos de Grao Medio

Acceso Directo

Posuí-lo Título de Graduado en ESO.

Tense en conta a nota media de ESO, pero non se esixe ter cursadas determinadas materias como ocorre no acceso a ciclos de grao superior. Tampouco se ten en conta o centro do cal se proceda.

Para solicitar praza terás dous períodos:

Período ordinario en xuño: **do 17 de xuño ao 2 de xullo**, para quen cumpre os requisitos en xuño.

Período extraordinario en setembro: **do 1 ao 12 de setembro**, para quen cumpre os requisitos en setembro.

Entran antes os alumnos que cumpran os requisitos en xuño que os que os

cumpran en setembro. Incluso en setembro hai ciclos de formación profesional que xa esgotaron as prazas coas solicitudes de xuño e xa non ofertan prazas en setembro.

Acceso Mediante Proba

Poderán concorrer á proba de acceso aquelas persoas que teñan cumpridos **17** anos ou os cumpran no ano en que se realizan as probas.

Para estes alumnos resérvase o **10%** das prazas do ciclo e tense en conta a nota media acadada na proba.

Para presentarse á proba hai que facer unha inscrición, no mes de febreiro, presentando a documentación nun centro que imparta Formación Profesional. Normalmente a proba celébrase en maio e as notas saen a finais de xuño. De tal xeito que se superas a proba poderás facer a solicitude de praza en ciclos no prazo ordinario (finais de xuño), e terás preferencia sobre os que presentan a solicitude de admisión en setembro.

Contidos da Proba. Esta **proba constará de tres partes**, e será a mesma independentemente do ciclo ao que desexes acceder. :

1. Parte de contidos **sociocultural**: Lingua Castelá, Lingua Galega e Ciencias Sociais.
2. Parte de contidos de carácter **científico-tecnolóxico**: Tecnoloxía e Ciencias Naturais.
3. Parte **matemática**: matemáticas.

Para ver exemplos de probas podes consultar en **www.edu.xunta.es/fp**

Formas de acceso a Ciclos de Grao Superior

Pódese acceder de forma directa se se cumpran determinadas condicións ou mediante unha proba.

Acceso Directo

Posuír o título de Bacharelato.

Para o acceso a Ciclos de grao Superior, o acceso realízase por nota media do Bacharelato, é dicir, que se hai mais solicitudes que prazas, adxudican as prazas ás notas máis altas.

Ademais da nota media de Bacharelato terán en conta que teñas cursada

unha determinada modalidade e dentro desta, incluso determinadas materias.

É dicir, cando non existan prazas suficientes terá prioridade o alumnado que:

- I. Cursase a modalidade de Bacharelato que se determine para cada ciclo coas materias vinculadas a el.
- II. Cursase a modalidade de Bacharelato sen algunha das materias vinculadas ao ciclo.
- III. Cursase algunha modalidade de Bacharelato.

Dentro de cada un dos colectivos anteriores, a orde de prioridade virá determinada por:

1. Maior nota do expediente académico.
2. Maior nota ou nota media nas materias vinculadas.

Así que antes escoller o teu itinerario de Bacharelato debes ter claro se está vinculado ao ciclo superior que desexes acceder.

Os **Vínculos** entre os **Bacharelatos** e os **Ciclos Superiores** están neste caderno, no recadro de cada familia profesional, en parénteses.

Acceso Mediante Proba

Poderán acceder mediante proba as persoas que non reúnan os requisitos

académicos e teñan cumpridos **19** anos ou os cumpran no ano da realización da proba, ou **18** anos para os que teñan un título de Ciclo Medio .

Para o acceso a ciclos superiores resérvase o **20%** das prazas para os alumnos que acceden mediante proba, e terase en conta a nota media acadada.

Debes saber que a proba de acceso a ciclos superiores non é común , como a de ciclos medios, senón que te examinarás dunhas materias ou outras en función do ciclo ao que desexes acceder. A proba ten **dúas partes**:

- Parte **común** da proba: Consta de **tres exames** de materias de 2º de Bacharelato: **Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas**.
- Parte **específica** da proba: organízase en **tres opcións A, B e C**, en función do ciclo superior ao que desexes acceder, e dentro da opción elixida escolleranse dúas materias:

Opción A: Economía da Empresa, Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés), e Filosofía e Cidadanía.

Opción B: Debuxo Técnico, Tecnoloxía Industrial e Física.

Opción C: Ciencias da Terra e Ambientais, Química e Bioloxía.

As familias profesionais ás que podes acceder segundo a opción da proba pola que te presentes A, B ou C, son as seguintes:

Opción A:

Administración e xestión.
Comercio e Marketing.
Hostalaría e turismo.
Servizos socioculturais e á comunidade.
Imaxe e son (só o ciclo de Producción de audiovisuais e espectáculos).

Opción B:

Marítimo - Pesqueira (agás o ciclo de Producción Acuícola).
Artes gráficas.
Edificación e obra civil.
Electricidade e electrónica.
Energía e Auga.
Imaxe e son (agás o ciclo de Producción de Audiovisuais e Espectáculos).
Fabricación mecánica.
Madeira, moble e cortiza.
Informática e comunicacións.
Instalación e mantemento.
Transporte e mantemento de vehículos.
Téxtil, confección e pel (agás o ciclo de Curtidos, e o de Procesos de Ennobrecemento Téxtil).
Industrias Extractivas.
Vidro e cerámica

Opción C:

Agraria.
Actividades físicas e deportivas.
Imaxe persoal.
Industrias alimentarias.
Marítimo-Pesqueiras (só o ciclo de Producción Acuícola).

Química.

Téxtil, confección e pel (só o ciclo de Curtidos, e o de Procesos de Ennobrecemento Téxtil).

Sanidade.

Seguridade e Medio Ambiente

No caso de superar unha parte da proba, consérvase a nota da parte superada durante dous anos consecutivos. No caso de superar toda a proba, o certificado obtido ten validez indefinida.

Pódese solicitar **exención da parte específica** no caso de ter superado un ciclo formativo de grao medio que pertenza a algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta.

Igual que na proba de acceso a ciclos de grao medio, para presentarte a esta proba terás que facer unha inscrición, no mes de xaneiro, nun centro que imparte FP, e o exame será aproximadamente no mes de marzo.

Para ver exemplos de probas podes buscalas en **www.edu.xunta.es/fp**.

Como conclusión, **non podes acceder directamente a un ciclo superior dende un ciclo de grao medio**, nin sequera da mesma familia. Se escolles este camiño, despois do ciclo medio, deberás facer un Bacharelato ou a proba de acceso .

Oferta de Ciclos de Formación Profesional:

Levan asterisco (*) os que non se imparten polo momento en Galicia.

Familias Profesionais	Oferta de ciclos réxime ordinario	
	Grao Medio	Grao Superior
Actividades Físicas e Deportivas		
Condución e animación de actividades físico – deportivas	CM Condución de actividades físico – deportivas no medio natural.	
	CS Animación de Actividades Físicas e Deportivas. (Calquera modalidade de Bacharelato)	
Administración		
Administración e xestión en calquera sector de actividade económica, entidades financeiras e de seguros, e na administración pública	CM Xestión Administrativa	
	CS Administración e Finanzas CS Asistente de Dirección	
Agraria		
Xestión e organización de empresas agropecuarias e dos recursos naturais e paisaxísticos	CM Producción Agro-tecnolóxica CM Producción agropecuaria CM Xardinería e floraría CM Traballos forestais e de Conservación do Medio Natural.	

	CS Paisaxismo e medio rural CS Xestión e organización de empresas agropecuarias (CC Terra e do ambiente). CS Xestión forestal e do medio natural (Bach. Científico / CC Terra e do ambiente).
Enerxía e Auga	
Sector enerxético, avaliando e inspeccionando a eficiencia das instalación de enerxía e auga dos edificios, xestionando a montaxe e mantemento das instalación térmicas.	
	CS Eficiencia enerxética e Enerxía Solar Térmica (Bach. Ciencias e Tecn.)
Imaxe Persoal	
Perruquería, estética persoal, caracterización e asesoría de imaxe persoal.	CM Estética persoal decorativa. CM Perruquería. CM Caracterización.
	CS Asesoría de imaxe persoal * CS Estética. (Bach. Hum. e CS, CC e Tecn. / Bioloxía)

Industrias Alimentarias	
Elaboración e conservación de produtos alimenticios como aceites e xugos, viños e outras bebidas, produtos lácteos, conserveira vexetal, cárnica e de peixe, industrias cerealistas.	CM Aceites de oliva e viños. CM Elaboración de produtos alimentarios CM Panadería, repostería e confeitaría CM Molinería e industrias cerealistas *
	CS Procesos e calidade na industria alimentaria. CS Vitivinicultura, só en réxime de adultos modular. (Bach. Ciencias e Tecnoloxía)
Informática e Comunicacóns	
Instalación e mantemento de produtos informáticos. Creador, programador de programas informáticos	CM Sistemas micro informáticos en rede
	CS Administración de sistemas informáticos en rede. CS Desenvolvemento de aplicacións multi-plataforma. CS Desenvolvemento de aplicación web. (Bach. Ciencias e Tecnoloxía)
Marítimo Pesqueiras	
Pesca: artesanal e industrial. Acuicultura: peixes, crustáceos e moluscos.	CM Mergullo a media profundidade. CM Operación, Control e Mantemento de Máquinas e instalacións do buque. CM Operacións de cultivo acuícola.

Mergullo: media profundidade. Buques: manexo, control e mantemento dos sistemas de propulsión, equipos e instalacións. Transporte marítimo: administración e control da navegación.	CM Pesca e transporte marítimo
Téxtil, Confección e Pel	
Actividade produtiva téxtil: algodón, la, seda natural, fibras sintéticas, punto, alfombras e acabados. Actividade do coiro: curtidos, acabados, e marroquinería e do calzado, o vestido e todo tipo de confección.	CM Calzado e complementos de moda* CM Confección e moda CM Producción de fiadura e texeduría de calada* CM Producción de tecidos de punto*
	CS Curtidos * (Bach. Ciencias e Tecn. / Química) CS Patronaxe e moda (bach. Ciencias e Tecn.) CS Procesos de ennobrecemento téxtil * (Bach. Ciencias / Química) CS Procesos téxtiles de fiadura e texeduría de calada* (Bach. Ciencias e Tecn. / Tecnoloxía Industrial) CS Procesos téxtiles de tecedura de punto * (Bach. Ciencias e Tecn. /Tecn. Industrial) CS Deseño e produción de calzado e complementos* (Bach. Ciencias e Tecn. , Artes)

Química

Industria química e farmacéutica, do refino de petróleo, da industria de papel, e da industria da transformación do caucho e materias plásticas.

Así mesmo, cubre certas necesidades de cualificación noutras industrias, como a alimentación, metalurxia, vidro, cerámica e outras industrias de manufactura nas que se fai imprescindible a análise e control da materia que se transforma.

CM Laboratorio

CM Operacións de fabricación de produtos farmacéuticos *

CM Operacións de proceso de pasta e papel *

CM Planta química *

CM Operacións de transformación de plásticos e caucho *

CS Laboratorio de análise e control de calidade

CS Fabricación de produtos farmacéuticos e afíns *

CS Industrias de proceso de pasta e papel*

CS Plásticos e caucho *

CS Química ambiental

CS Química industrial (Bach. Ciencias e Tecn./ Química)

Transporte e Mantemento de Vehículos

Mantemento de vehículos, automóviles, motocicletas, maquinaria agrícola e tractores,

CM Carrozaría

CM Electromecánica de vehículos automóviles

maquinaria de construción e obras públicas, así como inspección técnica de vehículos.

CS Automoción (Bach. CC e Tecn.)
CS Mantemento aeromecánico *
CS Mantemento de aviónica *

Vidro e Cerámica

Desenvolvemento, fabricación e transformación de produtos de vidro e madeira.

CM Fabricación de produtos cerámicos *
CM Operacións de fabricación de vidro e transformados *
CS Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos * (Bach. Ciencias e Tecn.)
CS Fabricación e transformación de produtos de vidro * (Bach. Ciencias e Tecn./Química)

Sanidade

Sector sanitario, tanto dende a súa vertente pública como dende a empresa privada nos ámbitos profesionais de: atención primaria e comunitaria, atención especializada,

CM Coidados auxiliares de enfermería
CM Farmacia e parafarmacia
CM Emerxencias sanitarias (só en réxime de adultos modular)

saúde pública, servizos xerais ou centrais e produtos sanitarios.

CS Anatomía patolóxica e citoloxía (Bach. CC e Tecn. /bioloxía)

CS Dietética (Bach. CC e Tecn./ Bioloxía)

CS Documentación sanitaria (Bach. Humanid. e CS, CC e Tecn.)

CS Hixiene bucodental (Bach. CC e Tecn. / Bioloxía)

CS Imaxe para o diagnóstico (Bach. CC e Tecn.)

CS Laboratorio de diagnóstico clínico (Bach. CC e Tecn.)

CS Prótesis dentais (Bach. CC e Tecn.)

CS Radioterapia (Bach. CC e Tecn.)

CS Saúde ambiental (Bach. CC e Tecn. /Ciencias da Terra)

CS Audioloxía protésica (Bach. CC e Tecn.)

CS Ortoprotésica* (Bach. CC e Tecn. / Debuxo Técnico)

Servizos Socioculturais e á Comunidade

Organización, planificación e xestión de proxectos de intervención social, proxectos educativos, e de atención á infancia e interpretación da linguaxe de signos.

CM Atención sociosanitaria

CS Animación sociocultural (Bach. CC e Tecn., Human. e CS)

CS Educación infantil (Bach. Humanid. e CS)

	CS Interpretación de lingua de signos (Bach. CC e Tecn., Artes e Human. e CS) CS Integración social (Bach. CC e Tecn., Humanid. e CS)
Instalación e Mantemento	
Montaxe e mantemento das instalacións de edificios: hospitais, superficies comerciais, centros de ensino, polideportivos, oficinas, etc. Montaxe e mantemento de instalacións para o proceso continuo: industria química, refino de petróleo, industrias lácteas, elaboración de bebidas, papel, etc. Montaxe e mantemento da maquinaria da fabricación de produtos metálicos, para o traballo da madeira, da fabricación do material de transporte (ferrocarril, aeronaves, bicicletas, motocicletas, automóviles, camións, etc.), maquinaria eléctrica, etc., e en xeral, todo o sector da produción de bens de equipo e dos vehículos rodantes ferroviarios.	CM Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas CM Mantemento ferroviario * CM Instalacións frigoríficas e de climatización CM Instalacións de produción de calor CS Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos (bach. CC e Tecn.) CS Mantemento de equipo industrial (Bach. CC e Tecn.) CS Mantemento de instalación térmicas e de fluídos. (Bach. CC e Tecn.) CS Prevención de riscos laborais (Bach. CC e Tec. e Humanid. e CS)
Madeira, Moble e Cortiza	
Aserrado e preparación industrial da madeira e o corcho.	CM Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble. CM Carpintería e moble *

Fabricación de produtos semi-elaborados da madeira e o corcho. Fabricación en serie de carpintería, parqué e estruturas de madeira para a construción. Fabricación de envases, esamblaxes e obxectos diversos de madeira. Industria do moble e da madeira. Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble	CM Transformación de madeira e cortiza * CS Desenvolvemento de produtos en carpintería e moble (Bach. artes, CC e Tecn./ Debuxo técnico) CS Producción de madeira e moble (Bach. CC e Tecn. / Tecnoloxía industrial)
Fabricación Mecánica	
construción de maquinaria e equipos mecánicos. Fabricación de produtos metálicos. Fabricación de instrumentos de previsión, óptica e similares. construción de material de transporte (naval, ferrocarril, aeronaves, bicicletas, motocicletas, automóbiles, camiós, autobuses, maquinaria de obras públicas, ...). Construción de maquinaria eléctrica, etc. Fabricación e reparación de produtos metálicos estruturais, grandes depósitos e calderería grosa, estruturas asociadas á construción de maquinaria. Todo o sector de produción de bens de equipo.	CM Fundición * CM Xoiería* CM Mecanizado. CM Soldadura e calderería. CM Tratamentos superficiais e térmicos* CS Construcións metálicas. CS Programación da produción de fabricación mecánica. CS Producción por fundición e pulvimetalurxia * CS Deseño en Fabricación Mecánica. CS Óptica de anteollos * (Bach. CC e Tecnoloxía)

Hostalería e Turismo

Aloxamentos turísticos e non turísticos.

Establecementos de restauración social e comercial.

Entidades de planificación e desenvolvemento turísticos. Información, asistencia e guía turísticas.

Intermediación de servizos turísticos e viaxes.

Manipulación, preparación, conservación e presentación de toda clase de alimentos de produtos de panadería, pastelería e repostería.

CM Cociña e gastronomía

CM Servizos en restauración.

CS Axencia de viaxes e xestión de eventos (Bach. Humanid. e CS)

CS Xestión de aloxamento turísticos (Bach. Humanid. e CS)

CS Guía, información e asistencia turísticas (Bach. Artes, Humanid. e CS)

CS Dirección de cociña. (Bach. de CC e Tecn.)

CS Animación turística (Bach. Artes, Humanid. e CS/2ª I. estranxeira)

CS Dirección de Servizos de Restauración. (Bach. de CC e Tecn.)

Artes Gráficas

Actividade produtiva de preparación de orixinais, tratamento de textos e imaxes, preparación da forma impresa, impresión en hueco grabado, offset, serigrafía e flexografía, encuadernación, manipulado de papel, cartón e outros materiais

CM Preimpresión en artes gráficas.

CM Impresión en artes gráficas.

CM Encuadernación e manipulados en papel e cartón *

Comercio e Marketing

Actividade produtiva de departamentos comerciais, comercio independente (ó por maior e ó por menor), comercio integrado e asociado, axencias comerciais, xestión do transporte, servizos ó consumidor.

CM Comercio.

Imaxe e Son

Fotografía, cine, vídeo, publicidade, radio, televisión, espectáculos e axencias de noticias.

CM Laboratorio de imaxe.

CS Imaxe (Bach. Artes, CC e Tecnoloxía / Física).

CS Son (Bach. CC e Tecnoloxía / Física)

CS Produción de audiovisuais, radio e espectáculos. (Bach. CC e Tecnoloxía, Bach. Human. e CS / Economía)

CS Realización de audiovisuais, radio e espectáculos. (Bach. Artes, CC e Tecnoloxía / Física)

Edificación e Obra Civil

Construción de edificios industriais, comerciais, de servizos e de vivendas, así como de aeroportos, Estradas, obras

CM Acabados de construción (só en réxime de adultos modular)

CM Obras de albanelería *

CM Obras de Formigón *

CM Operación e mantemento de maquinaria de construción *

marítimas e hidráulicas, obras subterráneas, ferrocarriles, conducións liñas de fluídos e a súa rehabilitación.

CS Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas. (Bach. CC e Tecn. / Debuxo Técnico)

CS Proxectos de edificación (bach. CC e tecnoloxía. Artes)

CS Realización e plans de obra.(Bach. CC e tecnoloxía / Debuxo Técnico)

Electricidade e Electrónica

Equipos e instalacións eléctricas de distribución e electrificación, singulares e automatizadas en vivendas e edificios; sistemas de automatización industrial: equipos electrónicos de consumo e profesionais, e

sistemas de telecomunicacións e informáticos.

CM Instalacións eléctricas e automáticas

CM Equipos electrónicos de consumo

CM Instalacións de telecomunicacións

CS Desenvolvemento de produtos electrónicos.

CS Sistemas Electrotécnicas e automatizados.

CS Sistemas de Regulación e Control automáticos.

CS Sistemas de telecomunicación e informáticos (Bach. CC e Tecnoloxía)

As Ensinanzas de Réxime Especial

(www.edu.xunta.es/ea)

Especialidades

Que son?

Son ensinanzas nas que a organización é algo diferente á dos estudos de réxime xeral e nos que hai que superar unha proba para acceder a eles.

Que Estudos Comprende?

Ensinanzas de Música e Danza.

Ensinanzas de Arte Dramática

Ciclos de Formación Profesional de Artes Plásticas e Deseño

Estudos Superiores de Deseño

Idiomas

Ensinanzas Deportivas

Ensinanzas De Música

Poden ser:

Regradas: estúdanse en conservatorios de música e centros autorizados de música (obtense un título con validez académica e profesional)

Non-Regradas: estúdanse en Escolas de Música (obtense un certificado)

Estrutúranse en:

Ensinanzas de Grao Elemental:

Hai que ter entre 8 e 14 anos, e comprende 4 cursos académicos. Os criterios de admisión os establece cada centro, e normalmente atende ás aptitudes musicais dos interesados.

Ensinanzas de Grao Medio:

Duración: 3 Ciclos de 2 anos cada un (6 anos en total)

Acceso: Non hai límite de idade pero si hai que superar unha proba, que será diferente acorde co Ciclo ou curso no que se queira ingresar e que atende ás aptitudes e coñecementos musicais do interesado.

Título de ESO: para os que estean cursando tamén a ESO, convalídanselle certas áreas de ESO, para que o alumno non teña unha sobrecarga lectiva (pode ser música, unha optativa)

Ensinanzas de Grao Superior de Música:

Duración: 1 só Ciclo de 4 cursos

Acceso: hai que cumprir os seguintes requisitos: ter o título de Bacharelato, ter superado o 3º Ciclo de música e superar unha proba ordinaria para cada especialidade. Se non cumpres estes requisitos podes acceder se superas unha proba extraordinaria. Celébranse antes do 15 de xullo.

Obtense o Título Superior, que equivale a Graduado Universitario.

Onde se pode estudar música?

En Escolas de Música.

Son centros públicos ou privados que imparten ensinanzas non regradas de música dirixidas a aquelas persoas, sen límite de idade, que desexen unha formación musical. Tamén poden preparar para o acceso a ensinanzas regradas en conservatorios

ou en centros autorizados (privados). Hai Escolas públicas de Música en Cee e privadas en Coruña e Santiago.

Conservatorios de Música.

Se clasifican en "Elementais" (imparten o grao elemental), "Profesionais" (imparten o grao Medio) e "Superiores" (imparten só o grao Superior). Tamén en Centros Privados Autorizados. Existen conservatorios públicos en: Coruña (elemental, profesional e Superior), Carballo (só elemental e profesional). Os Centros autorizados privados máis próximos están en Coruña e Santiago.

Grao Elemental

Acordeón	Instrumentos de puga
Clarinete Clave Contrabaixo	Óboe
Fagot	Percusión
Frauta de bico Frauta Traveseira	Piano
Gaita	Saxofón
Guitarra	
Harpa	

Grao Medio

Acordeón	Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do Barroco
Clarinete Clave Contrabaixo	
Fagot Óboe	
Frauta de Bico Frauta Traversa	Instrumentos de Puga

Gaita Guitarra Trombón Trompa Trompeta Tuba Viola Viola de Gamba Violín Violoncello Harpa	Percusión Piano Saxofón Trombón Trompa Trompeta Viola Viola da Gamba Violín Violoncello Canto
Grao Superior	
Acordeón Canto Fagot Clarinete Clave Composición Dirección de coro Dirección de orquesta Etnomusicoloxía Flamenco Frauta Frauta de Bico Travesa Guitarra Harpa Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do Barroco	Instrumentos de Música Antiga Instrumentos de Música Popular e Tradicional Instrumentos de Puga Jazz Musicoloxía Óboe Pedagogía Percusión Piano Órgano Saxofón Trompa Trompeta Trombón Tuba Viola Viola de Gamba Violín Violoncello Contrabaixo

Ensinanzas De Danza

Poden ser:

Regradas: estúdanse en Conservatorios de Danza e Centros Autorizados de Danza (obtense un título con validez académica e profesional)

Non Regradas: estúdanse en Escolas de Danza (obtense un certificado)

Estrutúranse en:

Ensinanzas de Grao Elemental:

Comprende 4 cursos académicos. Os criterios de admisión os establece cada centro, e normalmente atende ás aptitudes físicas e expresivas dos aspirantes relacionadas coa danza e co sentido musical, mediante unha proba. Neste grao non se obtén titulación, só un certificado acreditativo.

Ensinanzas de Grao Medio:

Duración: 3 Ciclos de 2 anos cada un (6 anos en total)

Acceso: Non hai límite de idade pero si hai que superar unha proba en xuño, que será diferente acorde co Ciclo ou curso no que se queira ingresar, os contidos tamén dependen da especialidade na que se queira ingresar.

Título de ESO: para os que estean cursando tamén a ESO, convalidanselle certas áreas de ESO, para que o alumno non teña unha sobrecarga lectiva (pode ser música, educación física)

Ensinanzas de Grao Superior:

Duración: 1 só Ciclo de 4 cursos

Acceso: hai que cumprir os seguintes requisitos: ter o título de Bacharelato, ter superado o 3º Ciclo de Danza e superar unha proba ordinaria para cada especialidade.

Se non cumpres estes requisitos podes acceder se superas unha proba extraordinaria. Celébranse antes do 15 de xullo.

Obtense o Título Superior, que equivale a Graduado Universitario.

Especialidades:

Grao Medio: Danza clásica, Danza Española e Danza Contemporánea.

Grao Superior: Pedagogía da Danza, Coreografía e Técnicas de Interpretación da Danza.

Arte Dramática

Estas ensinanzas constitúen un ciclo único de catro cursos, cunha titulación final equivalente a Graduado universitario.

Estrutúranse en tres especialidades: Dirección de escena e dramaturxia, escenografía e interpretación. Á súa vez, cada unha destas especialidades está dividida nos seguintes itinerarios.

Especialidades

Dirección de escena e dramaturxia

Dirección de escena

Dramaturxia Escenografía

Escenografía

Interpretación

Interpretación textual

Interpretación xestual

Interp. con obxectos.

Para o acceso hai que estar en posesión do título de bacharel ou titulación equivalente e superar unha proba específica para cada especialidade.

Se non tes o título de Bacharelato, con **20** anos cumpridos, pódese acceder mediante proba de aptitudes e demostrando unha experiencia profesional significativa que se xustificará mediante unha memoria defendida ante un tribunal.

A Proba de acceso específica para cada especialidade constará de 2 exercicios:

1º exercicio: análise dun fragmento dun texto dramático que ten carácter eliminatorio. Publícanse os textos de obrigada lectura para esta proba.

2º exercicio: son varias probas prácticas diferentes segundo a especialidade á que se queira acceder. Fanse públicos os textos propostos para as probas de carácter práctico.

Os Ciclos de Artes Plásticas e Deseño

Que son as ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño?

Comprenden estudos relacionados coas artes aplicadas, oficios artísticos, diversas modalidades de deseño e conservación e restauración de bens culturais. Agora ímonos a ocupar dos Ciclos de Artes Plásticas e Deseño.

Que son os ciclos de Artes Plásticas e Deseño?

A estrutura é a mesma que a da FPE:

Ciclos formativos de grao Medio e Superior, de xeito que despois da ESO podes acceder ós Ciclos formativos de grao Medio, e despois do Bacharelato podes acceder ós Ciclos formativos de grao Superior, aínda que só terán acceso directo os alumnos que cursasen o Bacharelato de artes, o resto dos alumnos deberán facer unha proba que valorará as súas aptitudes artísticas e que consiste basicamente na realización de debuxos e bosquejos sobre temas propostos.

Os centros nos que se imparten estas ensinanzas son as escolas de artes plásticas e deseño, que en Galicia, se atopan en *A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Vigo e Ferrol* (estas dúas últimas de titularidade privada).

Como se organizan?

Trátase de Ciclos de grao Medio e grao Superior, polo que teñen unha estrutura semellante á da formación profesional específica. A principal diferenza está a que ademais da titulación normal para acceder a un Ciclo é necesario superar unha proba de acceso.

Ciclos Formativos De Grao Medio:

Accédese co título de ESO e coa superación da proba específica que consiste en exercicios por escrito sobre os coñecementos de artes plásticas, histórico artísticos, e debuxo.

De non ter o título de ESO, pero tes **17** anos, podes acceder coa superación (ademais da proba específica) dunha proba de madurez que atende ós contidos xerais da ESO e consta de 2 partes:

1ª parte: Lingua Castelá, Lingua galega, científico-tecnolóxico e sociocultural (escoller tres materias).

2ª parte: Educación plástica e visual.

A proba de madurez pode ser convalidada pola proba de acceso a ciclos de grao medio e aproba específica polo Bacharelato de artes

ou experiencia laboral de alúmenos un ano, directamente relacionada co ciclo o que se quere acceder.

A inscrición nas probas é en xuño e as probas celébranse en setembro. Obtense o título de técnico.

Ciclos Formativos De Grao Superior:

Accédese, directamente sen ter que superar ningunha proba, co título de Bacharelato en artes.

De non ter o Bacharelato de artes, pódese acceder con outra modalidade de Bacharelato e coa superación dunha proba específica relacionada con debuxo, artes plásticas e coñecementos histórico - artísticos.

De non ter superado ningún Bacharelato, pódese acceder mediante a superación dunha proba de madurez, se tes 19 anos. Dita proba ten 2 partes:

1ª Parte: proba das materias comúns do Bacharelato (Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Lingua estranxeira, inglés ou francés, Hª España, Hª Filosofía, Filosofía e Cidadanía, Ciencias do Mundo Contemporáneo. Escoller tres materias.

2ª Parte: Proba de Historia da Arte.

A proba de madurez pode ser convalidada pola proba de acceso a ciclos superiores, e a específica pola experiencia laboral de alomenos un ano directamente relacionada co ciclo ao que se quere acceder.

Obtense o título de técnico Superior que da acceso a certas titulacións universitarias e aos estudos superiores de Deseño (explicados máis adiante).

A inscrición nas probas é en *xuño*, a proba de madurez celébrase en *xuño* e a específica en *xullo*.

Familias Profesionais:

Dentro de cada familia ofértanse Ciclos de grao Medio e de grao Superior. A continuación presentámosche as familias que existen:

Artes Aplicadas á Escultura	Deseño Gráfico
Deseño de Interiores	Artes Aplicadas ó Muro
Xoiería de Arte	Esmaltes Artísticos
Artes Aplicadas ó Libro	Téxtiles Artísticos
Cerámica Artística	Arte Floral
Artes Aplicadas Á Indumentaria	Vidro Artístico
Deseño Industrial	

Onde estudar estes Ciclos:

Existen escolas de artes nas principais cidades de Galicia: a Coruña, Santiago, Ourense, Lugo.

A Coruña (Escola de Artes Pablo Picasso)

CM Dourado e Policromía Artísticos

CS Artes Aplicadas da Escultura

CS Fotografía Artística

CS Ilustración

Taller cerámico, oferta modular

Santiago (Escola De Artes Mestre Mateo)

CS Artes Aplicadas Da Escultura

CS Fotografía Artística

CS Xoiería Artística

Taller de xoiería, oferta modular

Lugo (Escola De Artes Ramón Falcón)

CM Serigrafía artística

CS Gravado e Técnicas De Estampación

CS Cerámica Artística

CS Fotografía Artística

Taller de talla artística en madeira, oferta modular.

Taller de ebanistería, oferta modular

Ourense (Escola De Artes Antonio Faílde)

CM Ebanistería Artística

CS Fotografía Artística

CS Ilustración

Estudos Superiores de Artes Plásticas e Deseño

Conservación e Restauración de Bens Culturais

Trátase dun grao que ten como obxectivo formar a profesionais que terán como responsabilidade velar polo bo estado do patrimonio artístico.

Pódese escoller entre **7** especialidades diferentes: Arqueoloxía, Pintura., Escultura, Documento gráfico, Bens Arqueolóxicos, téxtiles, Mobiliario.

Obtense o Título de graduado universitario.

Pódese acceder directamente co Título de Técnico Superior en Artes

Plásticas e Deseño (para os cales se reserva un 20% das prazas)

Se tes un título de Bacharelato ou equivalente terás superar unha proba específica de acceso que se convoca anualmente en xuño nos centros onde se imparte acarreira. Para o alumnado que accede por proba resérvase o 80% das prazas.

As partes da proba:

Comentario dun texto relacionado cos bens culturais.

Exame escrito sobre dúas materias a escoller entre: Historia de España, Historia da Arte, Física e Química e Bioloxía.

Debuxo a partir dun modelo real e inanimado, Traballo sobre representación da cor, Traballo práctico sobre as aptitudes plásticas.

Existe en Galicia unha única escola de conservación e restauración, que se ubica en Pontevedra, e imparte as especialidades de escultura, pintura e arqueoloxía

Os Estudos Superiores de Deseño:

Están encamiñados á formación de profesionais no mundo do deseño nas especialidades de moda, interiores, produtos e deseño gráfico.

Teñen unha duración de **3** anos, dos que o primeiro curso é común ás catro especialidades. A titulación que se obtén ao remate destas ensinanzas é equivalente, para tódolos efectos, a unha diplomatura universitaria.

Estes estudos impártense nos seguintes centros:

Escola de arte Mestre Mateo de Santiago: Deseño de moda, Deseño de produtos.

Escola de arte Pablo Picasso de A Coruña: Deseño de interiores, Deseño gráfico.

Escola de arte Ramón Falcón de Lugo: Deseño de interiores, Deseño gráfico.

Escola de arte Antonio Faílde de Ourense: Deseño de interiores, Deseño.

Gráfico.

O acceso:

Terán acceso directo os alumnos que teñan o título de técnico superior de artes plásticas e deseño.

Accederán mediante proba específica os alumnos que teñan o título de Bacharelato. A inscrición nesta proba é a comezos de xuño e celébrase a mediados de xuño. . Consta de dúas partes:

1º parte: Durante un máximo de 3 horas responder por escrito a cuestións sobre historia das artes, historia das artes aplicadas, os oficios artísticos e o deseño en xeral, e deseño na especialidade que se aspira a cursar.

2ª parte: Durante un máximo de 4 horas, realizar un debuxo mimético a man alzada, do natural ou a partir da documentación facilitada, dun modelo relacionado coa especialidade que se aspira a cursar; e un debuxo a mal alzada, cos técnicas do estudos que se aspira a cursar, do modelo do exercicio anterior.

Para o acceso aos estudos superiores, de grao en Música, Arte Dramática, Conservación e Restauración de Bens Culturais, e Deseño, o alumnado que non teña o título de Bacharelato, e cumpra **19** anos, poderá realizar unha proba de acceso, en xuño, ademais das probas específicas de cada especialidade.

Esta proba consistirá en realizar exercicios das seguintes materias de Bacharelato: Lingua estranxeira (Inglés ou Francés), Lingua Castelá, Lingua Galega, Filosofía e Cidadanía, Ciencias para o mundo contemporáneo, Historia de España, Historia da Filosofía.

Ensinanzas de Idiomas

En que consiste?

O estudo dos idiomas pódese realizar a través dunha carreira universitaria ou nas Escolas Oficiais de Idiomas. Estas últimas son centros especializados no ensino dos idiomas.

Para acceder é condición indispensable ter 14 anos ou cumprilos no ano académico e ter superado alúmenos 1º e 2º de ESO.

Como se organizan?

En tres niveis cun total de 6 cursos.

Nivel básico:

2 cursos coa finalidade de usar o idioma a nivel cotián.

Nivel intermedio:

2 cursos coa finalidade de usar o idioma en situacións específicas.

Nivel avanzado:

2 cursos coa finalidade de conseguir o dominio do idioma oral e escrito a nivel xeral e específico.

A asistencia a clase pode ser diaria, intensiva (dous días á semana) ou alterna (tres días á semana). Tamén podes cursar estas ensinanzas nas seguintes modalidades:

Oficial presencial:

Acudindo ás clases presenciais e cunha avaliación trimestral.

Libre:

Preparando o idioma por libre e presentándote ás probas libres de obtención do certificado de determinado nivel. A distancia:

A través do programa That's English que se emite diariamente no canal 2 da TVE podes seguir as clases a distancia e ser axudado nunhas titorías para practicar aparte oral na escola oficial na que te matricules. Nas escolas danche o material necesario para preparar o curso.

Que idiomas e onde os podo estudar?

Alemán, Inglés, Portugués, Francés, Italiano, Árabe, Galego, Ruso, Chinés, Xaponés.

Nas seguintes escolas oficiais de idiomas:

Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Monforte, Ribadeo, viveiro, Ourense, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía.

No entorno máis próximo hai ademais seccións da EOI de A Coruña en Carballo (no Pazo da Cultura) e en CEE (no IES Fernando Blanco).

Que saídas laborais ten?

Os certificados que se obteñen teñen un recoñecido prestixio e téñense en conta en baremos para concesión de bolsas, intercambios, determinados empregos. ademais cada curso equivale a créditos de libre elección nas titulacións universitarias galegas.

Ensinanzas Técnico–Deportivas

Cal é a finalidade?

Teñen como finalidade a formación de adestradores, monitores e técnicos deportivos nunha modalidade ou especialidade deportiva.

Como se organizan?

Grao Medio: Co que se obtén o título de técnico deportivo nunha especialidade deportiva. Este grao comprende dous niveis:

1º nivel:

Cunha duración de máximo 1100 horas. Ensínase a iniciación técnica e táctica para programar, adestrar nunha fase inicial ou acompañar aos xogadores ás competicións, participar na organización de competicións e actividades e colaborar como auxiliar dun adestrador de nivel Superior.

2º nivel:

Cunha duración de máximo 1100 horas. Ensínase o perfeccionamento técnico e táctico para programar, dirixir adestramentos, dirixir a deportistas e equipos, participar no desenvolvemento de competicións e colaborar como auxiliar dun técnico Superior.

Grao Superior: Co que se obtén o título de técnico Superior nunha especialidade deportiva. Ten unha duración máxima de 1100 horas. Capacita para dirixir e coordinar a técnicos deportivos, planificar e dirixir o adestramento dos deportistas e equipos de alta competición, xestionar escolas deportivas.

Que títulos se obteñen?

Existen títulos tanto de técnico como de técnico Superior nas seguintes especialidades: Fútbol, Fútbol sala, Deportes de inverno (esquí alpino, esquí de fondo e snowboard), Deportes de montaña e escalada, Atletismo, Balonmán.

Requisitos de acceso:

Grao Medio:

1º nivel:

Título de ESO + proba específica da modalidade deportiva á que opta. Para os que non teñan a ESO poden acceder coa superación dunha proba de madurez e con 17 anos. A proba de madurez pode ser convalidable pola proba de acceso a CM.

Grao Medio, 2º nivel: Ter superado 1º nivel.

Grao Superior: Título de Bacharelato ou equivalente + título de grao Medio (Técnico Deportivo). Para algunhas especialidades hai que acreditar méritos deportivos. Para os que non teñan o título de bacharel poden acceder se superan unha proba de madurez e teñan 19 anos. Esta proba pode ser convalidable pola proba de acceso a CS.

A inscrición nas probas é en maio e celébranse en setembro.

Postos de traballo:

Pódeste adicar ao adestramento a equipos, deportistas, dirixir actividades no campo da saúde e do turismo deportivo.

Oferta destas ensinanzas en Galicia:

IES Cruceiro Baleares (Culleredo): Fútbol.

IES Sánchez Cantón (Pontevedra): Fútbol e Balonmán.

IES As Lagoas (Ourense): Fútbol sala.

IES Nosa Señora Dos Ollos Grandes (Lugo): Atletismo.

IES Río Cabe (Monforte de Lemos): Fútbol

IES Fermín Bouza Brey (Vilagarcía): Baloncesto.

A Formación Profesional Ocupacional

Que é?

Xa explicamos antes que na actualidade existen tres subsistemas de formación profesional:

Formación profesional específica: que se organiza en Ciclos de grao Medio e de Grao Superior.

Formación profesional ocupacional: que comprende as ensinanzas non regradas dirixidas a proporcionar capacitación profesional.

Formación profesional continua: dirixida a mellorar a formación das persoas que xa están traballando.

Ímonos a ocupar aquí da formación profesional ocupacional.

A formación ocupacional está destinada a demandantes de emprego, e consiste na realización de cursos presenciais, nos que se recibe unha formación eminentemente práctica, co fin de adquirir unha capacitación para o desempeño dunha ocupación ou dun oficio.

Os cursos teñen unha duración de **200 a 950 horas (3 a 6 meses)**, e recíbese unha formación teórica de base e unha formación práctica na especialidade escollida.

Que titulación se obtén?

Obtense un certificado(diploma)de profesionalidade que capacita para o desempeño da ocupación na que te formes. Non se obtén ningún título oficial que capacite para continuar estudos regrados.

Que requisitos de acceso hai?

É imprescindible estar inscrito como demandante de emprego no INEM. Cando te inscribas debes solicitar acceder a estes cursos de formación ocupacional.

Para a maioría dos cursos non se require ningunha titulación, pero hai excepcións, nas que é necesario ter realizado un determinado curso antes, ou presentar o título de ESO, Bacharelato ou determinado Ciclo formativo.

Nalgúns casos realízase unha sinxela proba de acceso que acredite que tes capacidades para cursar con aproveitamento dito curso.

Que tipo de cursos hai?

Existen un total de 27 familias profesionais diferentes, e dentro de cada familia ofértanse cursos de distinto contido, por exemplo:

Familia profesional de sanidade (SA): Hixienista dental, Celador sanitario, Auxiliar de enfermería, Auxiliar de farmacia, técnico en radioterapia, Técnico en dietética e nutrición, Etc.

As familias profesionais que se ofertan son:

Agraria	Industrias da Madeira e A Cortiza
Administración e Oficinas	Industrias Químicas
Artesanía	Minería e Primeiras Transformacións
Automoción	Montaxe e Instalación
Comercio	Mantemento e Reparación
Docencia e Investigación	Industrias Manufactureiras Diversas
Servizos ás Empresas	Pesca e Acuicultura
Edificación e Obras Públicas	Produción, Transformación e Distribución De Enerxía E Auga
Industrias de Fabricación de Equipos e Electromecánicos	Sanidade
Industrias Alimentarias	Seguros e Finanzas
Industrias Gráficas	Servizos á Comunidade e Persoais
Información e Manifestacións Artísticas	Transportes e Comunicacóns
Industria Pesada e Construcións Metálicas	Turismo e Hostalería
Industrias téxtiles	

Onde Se Realizan Estes Cursos?

Nos centros propios da consellería de asuntos sociais: locais do Servizo Galego de Colocación e do INEM.

Nos concellos.

En organizacións empresariais ("asociación de empresarios de ...")
En sindicatos.

En empresas ou grupos de empresas que normalmente adoptan un compromiso de contratación de alúmenos o **60%** dos alumnos que inicien o curso.

Como me podo informar destes cursos?

Se te anotaches como demandante de emprego no **INEM** (para o que debes ter os **16** anos cumpridos), e alí solicítache cursos determinados, a mesma oficina de emprego envíalle os teus datos ó centro que imparte o curso que solicítache, e serás avisado mediante un telegrama de que estás preseleccionado para o curso.

Se non te chamaron para ningún, debes estar atento á convocatoria de ditos cursos, que se fai no mes de febreiro e marzo, e saen publicadas en:

Internet: www.xunta.es

Oficinas do INEM e Servizo Galego de Colocación (fíxate nos taboleiros ou pregunta directamente)

Na prensa: saen anunciados os cursos cando hai prazas vacantes.

Cando coñezas a oferta chama directamente ó centro que convoca o curso e pregunta os pasos que tes que dar para anotarte. Normalmente hai que levar a fotocopia do DNI, a tarxeta de demandante de emprego e acudir á entrevista ou proba de selección.

Que dereitos teño como alumno?

Recibir formación gratuíta.

Recibir un certificado oficial cando remate o curso.

O cobro mensual de bolsas de axuda de desprazamento ou de aloxamento e manutención.

Que deberes teño como alumno?

Asistir ás clases con regularidade (máis de 2 faltas ó mes sen xustificar implican a expulsión do curso).

Non asistira outro curso simultaneamente, nin ter un contrato de traballo ó mesmo tempo que recibes o curso.

Ensinanzas para Persoas Adultas

(www.edu.xunta.es/ea)

En que consiste?

Trátase dunha formación pública e gratuíta dirixida a calquera persoa que teña cumpridos os 18 anos e que abandonaron o sistema educativo sen obter a titulación básica.

Estas ensinanzas organízanse de xeito algo diferente, tanto nas áreas impartidas como no horario. A titulación acadada é a mesma que nas ensinanzas ordinarias.

Tanto as ensinanzas de Educación Secundaria como de Bacharelato poden ser presenciais ou a distancia.

Que tipo de oferta hai?

Ensinanzas de nivel I: dirixidas a persoas que necesiten adquirir técnicas básicas de lectura, escritura e cálculo. A matrícula está aberta durante todo o curso escolar.

Ensinanzas de nivel II: dirixidas a persoas sen titulación que desexen acceder á educación secundaria de adultos(ESA). Esta formación é equivalente á educación primaria.

Ensinanzas de nivel III: dirixidas a persoas sen titulación que desexen obter o título de graduado en educación secundaria.

Neste caso autorízase a matrícula a alumnos menores de **18** anos, en casos excepcionais, como ter un contrato laboral, ser deportista de alto rendemento, ter superado o 1º curso dun PCPI, ou ter cursado un PCPI sen superalo, pero hai que estar inscrito como demandante de emprego nunha oficina de emprego. Son as ensinanzas coñecidas como ESA.

Bacharelato para persoas adultas: dirixidas ás persoas que teñan o título de ESO ou ESA, e que desexen adquirir novos coñecementos nunha determinada materia ou obter o título de bacharel en calquera das modalidades.

Ciclos formativos para persoas adultas: esta formación pretende facilitar ás persoas adultas a súa actualización, adquirindo novos coñecementos nunha determinada competencia profesional, ou para obter o título de técnico ou técnico Superior.

Aulas Mentor: cursos impartidos a distancia orientados a mellorar a capacitación profesional e a formación cultural das persoas adultas.

Galego e castelán para persoas inmigrantes: dirixido a cidadáns doutros países, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, que necesiten coñecer as linguas oficiais. Estas ensinanzas impártense nos centros de adultos, en grupos reducidos, cunha duración de 10 períodos lectivos semanais distribuídos en horarios adaptados ás posibilidades de asistencia dos alumnos.

A Educación Secundaria de Adultos(ESA):

Como se organiza?

Estas ensinanzas son equivalentes ás da ESO.

As materias organízanse en tres ámbitos de coñecemento:

Social: inclúe contidos de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, educación para a cidadanía, e os aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica e Visual e Música.

Comunicación: lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, 1ª lingua estranxeira.

Científico-tecnolóxico: inclúe contidos de tecnoloxías, matemáticas, ciencias da natureza, e os aspectos relacionados coa saúde e co medio natural de educación física.

Que duración teñen?

Xeralmente duran 2 cursos académicos.

En cada curso pódese cursar dous módulos, cunha duración cuadrimestral.

Cada módulo correspóndese cun curso de ESO, quedando do seguinte xeito:

No 1º ano: módulo 1 (1º de ESO) e módulo 2 (2º de ESO).

No 2º ano: módulo 3 (3º de ESO) e módulo 4 (4º de ESO).

Poderás permanecer cursando estas ensinanzas o tempo que o teu ritmo de aprendizaxe o precise. Non hai límite de tempo.

Cales son os requisitos de acceso?

Para acceder ós módulos **1** e **2**, hai que cumprir un dos seguintes requisitos:

Ter superado o nivel II (Educación Primaria) das ensinanzas de adultos.

Por validación de estudos (ter o certificado de estudos correspondente aprobada a Educación Primaria)

No caso de non poder acreditar estudos anteriores superar unha proba de avaliación inicial.

Para acceder ós módulos **3e4**, hai que estar nunha das seguintes condicións:

Ter superado os módulos 1 e 2 de ESA.

Ter superados o 1º e 2º cursos de ESO, ou alúmenos algún grupo de materias de 1º e 2º para poder validar algún ámbito dos módulos 1 e 2 de ESA.

Superar os módulos obrigatorios dun PCPI (1º curso).

No caso de non poder acreditar estudos anteriores superar unha proba de avaliación inicial.

No primeiro cuadrimestre (setembro a xaneiro) poden matricularse todas as persoas que cumpran dezoito anos ata o 31 de decembro. Para o segundo cuadrimestre (de febreiro a xuño), poden matricularse os que cumpran dezoito anos ata o 30 de abril.

Que horario teñen estas ensinanzas?

Terás ó redor de **20** horas semanais, que normalmente impártense en horario de tarde, pero no noso instituto impártense as clases 4 últimas horas da mañá.

Na modalidade semi-presencial é obrigatoria a asistencia ás titorías de cada ámbito (unha hora semanal para o ámbito social, dúas sesións lectivas para o ámbito de comunicación e outras dúas para o ámbito científico-tecnolóxico).

A modalidade a distancia con titorías telemáticas non supón a asistencia a titorías presenciais. A comunicación cos titores é a través da Aula Virtual do IES San Clemente.

Cando solicito praza?

Modalidade presencial:

1 –15 de setembro para o primeiro cuadrimestre.

10 –16 de xaneiro para o segundo cuadrimestre.

Modalidade a distancia semipresencial e telemática: Setembro – xaneiro para o primeiro cuadrimestre. Febreiro – 15 de maio para o segundo cuadrimestre.

Onde se oferta nestas ensinanzas?

A modalidade **semipresencial** pode cursarse nos seguintes centros:

EPA Eduardo Pondal (A Coruña), EPA Santa María de Caranza (Ferrol), IES San Clemente (Santiago de Compostela), EPA Albeiros (Lugo), EPA de Ourense, IES de Celanova, EPA Río Lérez (Pontevedra), EPA do Berbés (Vigo).

A modalidade a distancia telemática impártese no IES San Clemente(Santiago de Compostela).

Os módulos **3 e 4 da modalidade presencial** impártense no noso instituto.

Os módulos **1 e 2**no IES Fernando Blanco de Cee, no IES Isidro Parga Pondal de Carballo e no IES Terra de Xallas de Santa Comba.

O Bacharelato para Persoas Adultas

Como se organizan estas ensinanzas?

Ofértanse dúas modalidades de Bacharelato: **Humanidades e Ciencias Sociais, Ciencias e Tecnoloxía.**

Poden seguirse como curso completo ou por materias de xeito independente.

Se optas por seguir materias de xeito independente poderán cursarse, simultaneamente materias do 1º e do 2º curso.

Pola modalidade semi-presencial, esixe a asistencia obrigatoria ás titorías de cada materia (unha hora semanal por cada materia que se curse).

A modalidade a distancia con titorías telemáticas non supón a asistencia a titorías presenciais. A comunicación cos titores é a través da Aula Virtual do IES San Clemente e os exames poden realizarse nas sete principais cidades galegas: Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Canto duran?

O tempo de permanencia para cursar estas ensinanzas é de **6** anos académicos (o tempo de permanencia no Bacharelato ordinario é de **4** anos).

No caso de esgotar o **6** anos sen acadalos obxectivos previstos, os alumnos poderán seguir cursando as materias pendentes a través do réxime de ensinanza a distancia ata completaren a formación desexada.

Que requisitos de acceso hai?

Para acceder debes estar nalgunha das seguintes condicións:

Posuí-lo título de graduado en educación secundaria

Posuí-lo título de técnico nalgún dos Ciclos de grao Medio.

Onde se ofertan estes estudos?

A modalidade semi-presencial pode cursarse nos seguintes centros:

EPA Eduardo Pondal (A Coruña), IES de Cedeira, EPA Santa María de Caranza (Ferrol), IES As Telleiras (Narón), IES San Clemente (Santiago de Compostela), IES Monte Castelo (Burela), IES de Foz, EPA Albeiros (Lugo), IES Río Cabe (Monforte), IESDionisio Gamallo Fierros (Ribadeo), IES Lois Peña Novo (Vilalba), IES Martaguisela (O Barco de Valdeorras), IES Manuel Chamoso Lamas (O Carballiño), EPA de Ourense, EPA Río Lérez (Pontevedra) e EPA do Berbés (Vigo) A modalidade a distancia telemática impártese no IES San Clemente (Santiago de Compostela).

No entorno máis próximo a modalidade presencial ofértase no IES Isidro Parga Pondal de Carballo.

Os Ciclos Formativos para Persoas Adultas

Como se organizan?

Estas ensinanzas poden cursarse por ciclo completo ou de forma parcial por módulos (Oferta modular)

Se optas por cursar módulos de xeito parcial, poderás matricularte tanto de módulos de 1º como de 2º curso.

Canto duran estas ensinanzas?

Non hai limitación de tempo. Podes cursalas o tempo que o necesites.

Cales son os requisitos de acceso?

Os mesmo que para os Ciclos na modalidade ordinaria.

Excepcionalmente podes acceder con **16** anos se acreditas a túa condición de traballador e cumpres os requisitos académicos de acceso.

A oferta destas ensinanzas a distancia polo momento é moi limitada. A oferta de ciclos na modalidade de adultos presencial é un pouco máis ampla, para coñecela pregunta no departamento de orientación ou consulta a web www.edu.xunta.es/fp.

Oferta modular a Distancia:

Grao medio “Emerxencias Sanitarias” no CIFP Monte Alto de Coruña e no IES Ricardo Mella de Vigo.

Grao medio “Farmacia e parafarmacia” no CIFP Monte Alto e no CIFP Politécnico de Lugo.

Grao Medio “Instalacións eléctricas e automáticas” no CIFP Politécnico de Santiago.

Grao superior “Educación Infantil” en Monte Alto, no CIFP Portovello de Ourense e no CIFP A xunqueira de Pontevedra.

Grao superior “Administración de sistemas informáticos en rede” no IES San Clemente de Santiago.

Grao superior “Laboratorio de análise e de control de calidade” no CIFP Manuel Antonio de Vigo.

Aulas Mentor

Que son e a quen van dirixidas?

Ensinanzas non regradas para persoas adultas, abertas, flexibles e a distancia, con titoría telemática a través de internet. Esta oferta formativa permite actualizar o perfil profesional, potenciar o acceso ao emprego e aumentar a formación básica. Están dirixidos a persoas maiores de 18 anos que desexen formarse para acceder a

un posto de traballo ou aumentar o seu nivel cultural. Non se require titulación previa.

Como se organizan e que acreditación se acada?

As aulas onde se realizan as actividades de formación dispoñen de recursos tecnolóxicos avanzados, así como de un profesor-administrador que axuda aos alumnos nas súas conexións á rede e na comunicación co seu titor. O alumno recibe unha conta de conexión gratuíta a internet e non necesita asistir á aula, excepto para realizar a proba final presencial. Os cursos poden iniciarse calquera día do ano escolar e cada alumno segue o seu propio ritmo de aprendizaxe. O titor non está na aula, comunícase co alumno por correo electrónico e contesta en 24 horas a todas as dúbidas.

Ao superar o curso, o alumno recibe unha certificación de aproveitamento emitida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación.

No entorno próximo existen Aulas Mentor en Cee, Carballo e Santa Comba.

A Modalidade Semi-presencial e a Distancia

En que consisten?

Son as ensinanzas de adultos que permiten realizar os estudos na casa sen a necesidade de acudir diariamente a un centro educativo.

Disponse de axuda ou de apoio a través de titorías individuais e colectivas, nas que aconsellan e orientan nas dificultades atopadas.

Esixen un grao de responsabilidade e organización maior que nas ensinanzas presenciais, e aínda así, teñen o risco de abandono, por non ter que acudir diariamente ó centro.

Estas ensinanzas son gratuítas. Solo hai que mercar o material didáctico (textos, guías, conexión a internet, ..).

Que oferta hai?

Como xa se sinalou anteriormente:

Nivel III ou educación secundaria para persoas adultas.

Bacharelato

Ciclos formativos de formación profesional.

Ensinanza oficial do idioma inglés.

Forzas e Corpos de Seguridade

Oposicións ao Corpo da Garda Civil

Escala de cabos e gardas

Requisitos:

Nacionalidade española

Acreditar boa conduta cidadán (mediante certificado e informe)

Carecer de antecedentes penais

Ter entre 18 e 30 anos.

Posuír o título de ESO ou Superiores ou acreditar a superación da proba de acceso a Ciclos de Grao Medio.

Posuír o permiso de condución clase B ou Superior.

Posuír a aptitude psicofísica acreditada.

Solicitude:

As Instancias, impresos e taxas de exame serán facilitadas e presentadas nos postos e Comandancias da Garda Civil.

As instancias se presentarán no prazo de 20 días naturais, contados a partir do día da publicación da convocatoria no BOE.

Probos de selección:

1ª fase de concurso: consistirá na valoración dos méritos académicos e profesionais do aspirante e terá en conta os méritos académicos (notas, idiomas das escolas oficiais de idiomas, títulos académicos (Bacharelato, Ciclos formativos, selectividade, titulación universitaria, etc.) e os méritos profesionais (carreira militar).

2ª fase de oposición: consistirá no desenvolvemento das seguintes probas:

Ortografía: exercicio eliminatorio cunha duración de 10 minutos.

Coñecementos: contestación por escrito a unha enquisa de 100 preguntas sobre materias xurídicas, socioculturais e técnico-científicas. Cunha duración de hora e media.

Lingua estranxeira: contestación por escrito a unha enquisa de 20 preguntas sobre o idioma (inglés ou francés), durante 20 minutos.

Psicotécnica: probas que miden factores aptitudinais e variables comportamentais (personalidade).

Acreditación da aptitude psicofísica:

Exercicios físicos: proba de velocidade, proba de resistencia muscular, proba de potencia do tren Superior, proba extensora do tren Superior e proba de natación.

Recoñecemento médico: aplicarase un cadro médico de exclusións.

Entrevista persoal: destinada a contrastar os resultados das probas psicotécnicas e a adecuación do aspirante ó perfil profesional do garda civil.

Unha vez superadas as probas de selección o aspirante terá un prazo paraa entrega de documentación e pasará por dous períodos de formación:

1º período de formación: un curso académico en centro docente.

2º período de formación: formación en prácticas durante un ano.

Oposicións ao Corpo Nacional de Policía

Ingreso na escala básica

Requisitos:

Ser español.

Ter entre 18 e 30 anos.

Estatura mínima de 1'70 nos homes e 1'65 nas mulleres.

Ter o título de ESO ou Superior ou acreditar a superación da proba de acceso a Ciclos de grao Medio.

Declaración xurada do solicitante de compromiso de portar armas.

Non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Estar en posesión dos permisos de conducir das clases A e B e da autorización (BTP)

Solicitudes:

As instancias e os impresos serán facilitados e presentados nas xefaturas e comisarías de policía.

As solicitudes presentaranse no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte da súa publicación no BOE.

Probos de selección:

1ª fase de oposición: constará das seguintes probas de carácter eliminatorio:

Proba de coñecementos: contestación a unha enquisa de preguntas sobre as materias xurídicas, sociais e materias técnico-científicas (acorde co temario correspondente) , e proba de ortografía.

Proba de aptitude física: tendente a comprobar as condicións de forza, axilidade, velocidade e resistencia do/da opositor /a.

Proba psicotécnica: realización de varias enquisas para determinar a personalidade do aspirante e entrevista persoal.

Recoñecemento médico: para comprobar que se cumpre o cadro médico de exclusións.

Exercicio voluntario de idiomas: francés ou inglés con un nivel de ESO, a notado cal se sumará á de coñecementos.

2ª fase de formación e prácticas:

Os opositores que superasen a fase de oposición e presentaran nos prazos establecidos a documentación esixida, serán nomeados policía-alumnos e incorporaranse ó centro de formación da división de formación e perfeccionamento.

Primeiro realizarán unha fase teórica, tendo que superar tódalas materias para poder pasar á fase práctica. Para a superación das dúas fases disporán dunha convocatoria ordinaria e unha única extraordinaria.

Ingreso na Escala Executiva

Requisitos

Os mesmos que para a escala básica excepto no título académico, que deberá ser de enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado universitario.

Solicitudes

Igual que na escala básica.

Probos de selección:

1º oposición:

Probos de aptitude física: para comprobar as condicións de forza, axilidade, flexibilidade, velocidade e resistencia.

Proba de coñecementos: enquisa de preguntas sobre o temario, resolución dun suposto práctico e exercicio escrito e oral de idiomas (inglés ou francés) cun nivel de 2º de Bacharelato.

Proba psicotécnica: tests de personalidade e entrevista persoal.

Recoñecemento médico: para comprobar que se cumpre o cadro médico de exclusións.

2º cursos de formación:

Realización de 2 cursos académicos ordinarios no centro docente correspondente, cursando materias das áreas xurídica, psico-social, técnicas policiais, tecnoloxía aplicada, e educación física.

O **1º curso** será selectivo e irrepetible, e quen non o supere na convocatoria ordinaria, ou única extraordinaria, causará baixa no centro docente e perderá toda expectativa de ingreso.

O **2º curso** poderá repetirse completamente unha soa vez.

3º período de prácticas: será un módulo irrepetible destinado a valorar unha serie de características persoais: responsabilidade, adicación, disciplina, integridade, espírito de equipo, decisión e corrección.

Oposicións aos corpos de institucións penitenciarias

Existen 4 escalas ou corpos:

Corpo de axudantes: título de Bacharelato ou Ciclo de grao Superior.

Corpo de técnicos: título de licenciado en dereito, psicoloxía, socioloxía ou pedagogía.

Corpo facultativo: título de licenciado en medicina e cirurxía.

Corpo de axudantes técnicos sanitarios: título de diplomado universitario en enfermería.

Consistirá na superación das seguintes probas:

1ª proba de coñecementos: enquisa de preguntas sobre o temario.

2ª proba de casos prácticos.

3ª proba de aptitude médica: para comprobar que cumpres o cadro de exclusións médicas.

4º período de formación teórico – práctico (unha vez superado o proceso de oposición).

Oposicións para o ingreso na Escala Superior de Técnicos de Tráfico

Para ingresar neste corpo é preciso posuír o título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Deberase superar un proceso de selección consistente en 2 fases:

1ª fase de oposición: superación de varias probas escritas acorde co temario

correspondente.

2ª fase: curso selectivo: preparación específica para o exercicio da profesión

cunha duración non maior de 6 meses.

Se desexas información sobre o acceso á profesión militar (ingreso no exército militar) acude ao departamento de orientación onde che facilitaremos información específica.

Carreira Militar

Escalas do Exército

Militares de Carreira:

Teñen unha relación permanente co exército militar. Para o acceso a cada unha das escalas hai que ter unha determinada titulación e superar o proceso selectivo, e ter cumpridos os **18** anos de idade.

Militar de Complemento:

Teñen unha relación temporal, aínda que poden chegar a ter unha relación permanente accedendo ás prazas da escala superior de oficiais ou de oficiais mediante promoción interna.

O tempo máximo no servizo é de **12** anos ou ata os **38** anos de idade. É preciso estar adscrito a un corpo ou escala, complementando as plantillas oficiais dos exércitos. Accédese mediante proba, con **18** anos como mínimo e hai que ter unha titulación universitaria. (ver escalas no cadro que ven na páxina seguinte)

Militar Profesional de Tropa e Marinería:

A relación pode ser temporal ou permanente.

Non están agrupados en Escalas senón en especialidades.

O ingreso realízase mediante proba, e os requisitos imprescindibles sono da idade (entre **18** e **27** anos), e ter o título de Educación Secundaria.

Pero según se posúa unha titulación maior obteranse maior número de puntos para superar a fase de ingreso e consecuentemente obter mellores destinos e/ou especialidades.

O tempo máximo para permanecer neste grupo é de **3** anos. Unha vez superados os tres anos o aspirante debe acceder por promoción interna á escala de suboficiais e co emprego de Sarxento, o cal se acadada despois de dous cursos e dous anos de servizo.

Pero para poder acceder á dita Escala por promoción interna deberá acadar a titulación mínima esixida (título de FP de grao medio). Dende a escala de suboficiais pódese ingresar na academia de oficiais e posteriormente á academia superior de oficiais, pero cumprindo os requisitos de titulacións mínimos que se indican máis arriba.

Escalas de militar de complemento	Acceso	Titulación equivalente no sistema educativo xeral
Superior de oficiais	Superar unha proba. Ter a selectividade aprobada (probos de acceso á universidade)	Licenciado universitario
De oficiais	Superar unha proba. Ter o 2º curso de Bacharelato aprobado	Diplomado universitario
De suboficiais	Acceso só por promoción interna con máis de 3 anos de servizo. É preciso ter o 1º Bacharelato aprobado ou un título de formación profesional de grao medio	Técnico superior de formación profesional
De suboficiais de música	Acceso por promoción interna, igual que na escala de sub- oficias, pero coa titulación oficial de Música.	

Corpo de Bombeiros

Requisitos de Acceso

- Ser Español ou membro da Unión Europea.
- Ter 18 anos de idade. Normalmente non hai límite de idade superior, pero a entidade local convocante pode poñer o límite que considere.
- Posuír o título de Graduado en ESO ou Formación Profesional de Grao Medio ou equivalente. Nalgúns Concellos esíxese o Título de Bacharelato ou FP de Grao Superior para bombeiro especialista ou bombeiro condutor.
- Permisos de conducir B e C. Para bombeiro condutor poden pedir o carné C+E.
- No tema da altura non hai nada definido.
- Non ter sido condenado polo delito doloso, nin separado do servizo do Estado, nin da Administración, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Probas Selectivas

Hai que realizar unhas probas físicas, de coñecementos, prácticas e un recoñecemento médico.

No caso de non superar a ESO

Podes presentarte ás seguintes probas

Probas de acceso a Ciclos de Grao Medio

En que consisten?

Se non acadaches o título da ESO pola vía ordinaria ou por adultos e desexas acceder a un Ciclo de Formación Profesional de Grao Medio podes presentarte a unha proba, que unha vez superada, obtés un certificado que che permite o acceso a calquera Ciclo de Grao Medio.

Que requisitos hai que cumprir?

O máis importante, e que teñas cumpridos os 17 anos ou os vaías a cumprir no ano natural en que se celebra a proba (é dicir, se cumpres os 17 en decembro do mesmo ano da proba, tamén podes presentarte).

Outra condición é que non cumpras os requisitos para acceder a un CM (ex. Título de ESO).

Que tramites teño que realizar?

Nos prazos que se determinen (**do 7 ao 20 de abril de 2015**) deberás presentar unha solicitude para participar na proba, no propio centro onde esteas estudando, e se estás desescolarizado, en calquera centro onde se imparta formación profesional.

Esta solicitude podes pedila en calquera centro de ensino secundario. Xunto coa solicitude por duplicado terás que entregar unha fotocopia do DNI.

Unha vez feita esta inscrición só tes que estar pendente das datas, horarios e

lugar das probas. Este curso celébrase o 3 de xuño, en horario de mañá e tarde e nos IES asignados, no noso caso no IES Fernando Blanco de Cee.

En que consiste a proba?

Consistirá tres partes:

1ª parte: sociolingüística (con exercicios sobre contidos de lingua e literatura española, de lingua e literatura galega e de ciencias sociais).

2ª parte: de contidos de tipo científico – técnico (con exercicios sobre contidos de Ciencias da Natureza e Tecnoloxía).

3ª parte: de contidos matemáticos.

Os alumnos que superaron o 1º curso dun PCPI poderán estar exentos da parte científico-técnica. Así mesmo poderán estar exentos desta parte os que teñan como mínimo un ano de experiencia laboral en xornada completa, independentemente do campo profesional onde se traballara.

No caso de ter superado algún ámbito do módulo IV da ESA poderase solicitar tamén a exención da parte correspondente da proba.

Que nota hai que acadar?

Para a superación da proba hai que acadar unha cualificación mínima de 5 como nota media das tres partes. Para realizar a media hai que acadar un mínimo de catro en cada parte.

Cantas veces me podo presentar á proba?

Tantas veces como o desexes.

Se te presentaches en convocatorias anteriores e non superaches a proba pero acadaches un cinco nalguna das partes, gárdanche

anota desa parte durante dous anos, polo que non terías que examinarte delas.

Unha vez superada deberás estar pendente dos resultados no centro onde a realizaches, e se a superaches podes solicitar a acreditación que certifica que tes superada dita proba.

Como solicito praza no ciclo?

Xa comentamos antes que podes acceder a calquera Ciclo de grao Medio que ti escollas. Coa acreditación (que che facilitarán no centro onde realízache a proba) deberás solicitar praza e matricularte nos Ciclos nos mesmos prazos que para o resto.

Se desexas ver exemplos de probas podes consultar en www.edu.xunta.es/fp

Probas para a obtención do Título de Educación Secundaria

En que consisten?

Se non acadaches o título de educación secundaria pola vía ordinaria ou por adultos, podes acadalo superando unha proba que se convoca anualmente, no mes de xuño e setembro.

Que requisitos hai que cumprir?

Deberás ter cumpridos os 18 anos antes da celebración da proba e ademais non posuír o título de ESO ou Superior.

Que trámites teño que realizar?

Deberás entregar unha solicitude de matrícula para a proba, a fotocopia do DNI e unha certificación de áreas superadas de 4º de ESO (se é que tes algunha superada), nos IES que a administración

autorice. Pódeste informar a través da prensa ou no centro onde estudes.

A solicitude a podes conseguir en calquera instituto.

Unha vez matriculado deberás estar pendente das datas, horarios e centros onde se realicen os exames.

O ano pasado a matrícula foi na **1ª semana de xuño e setembro** e as probas na semana seguinte de realizar a matrícula. É dicir, tanto a matrícula como as probas se realizan na 1ª quincena de xuño e setembro.

En que consisten os exames?

Terá tres partes:

Ámbito de comunicación: comprenderá exercicios de lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, e lingua estranxeira.

Ámbito científico-tecnolóxico: comprenderá exercicios matemáticas, ciencias da natureza, e tecnoloxía.

Ámbito social: exercicios de ciencias sociais, xeografía e historia, música e educación plástica e visual.

Cantas veces me podo presentar ás probas?

Tódalas veces que o desexes, tanto na convocatoria de xuño como na de setembro.

Se superas algunha área, resérvase a nota, de xeito que non terás que

volver a examinarte das áreas superadas.

Tamén debes saber que se tes superado algún grupo de áreas de 4º de ESO, quedarás libre de examinarte nese grupo, tal e como se sinala a continuación:

Grupo Lingüístico:

lingua galega e literatura

lingua castelá e literatura

lingua estranxeira

Grupo científico—tecnolóxico:

matemáticas

física e química

bioloxía e xeoloxía

grupo de ciencias sociais:

ciencias sociais,

xeografía e historia

educación plástica e visual

música

e teso título de graduado en ESO

E despois da proba?

Se a superas serás proposto para a expedición do título de educación secundaria obrigatoria no centro onde realizaras as probas, e por suposto terás acceso directo a Ciclos formativos de grao Medio e calquera modalidade de Bacharelato.

Prazos de solicitude e Matrícula

(As datas son aproximadas, debes preguntar no teu centro as datas exactas e anotalas neste caderno) .

Probos de acceso a Ciclos Medios:

Inscripción a finais de febreiro. Impreso a recoller e entregar en Secretaria do teu centro.

Bacharelato:

Reserva de praza para cursar Bacharelato no propio centro: 2ª quincena de Febreiro. Impreso a recoller e entregar en Secretaria.

Solicitude de praza no Bacharelato noutros centros: Todo o mes de Marzo. Entregar o impreso en Secretaria do centro elixido en 1º lugar.

Matrícula:

Ordinaria (para os que aproben en xuño): 2ª quincena de Xullo.

Extraordinaria (para os que aproben en Setembro) : 1ª semana de Setembro

Ciclos de Formación profesional específica:

Inscripción para os que cumpran os requisitos no período ordinario-xuño: do **17 de xuño ao 2 de xullo**.

Inscripción para os que cumpran os requisitos no período extraordinario-setembro: do **1 ao 12 de setembro**.

Recolle o impreso en Secretaría e entrégao no centro de 1ª preferencia. (So se presenta unha única instancia con tódalas preferencias no centro escollido en 1º lugar).

Matrícula:

Ordinaria: A partir de mediados de xullo haberá 2 adxudicacións con catro días para matricularse a partir do día en que se é admitido.

Extraordinaria: A partir de mediados de setembro haberá dúas adxudicacións de técnicos de tráfico con 4 días para matricularse a partir do día en que se é admitido.

Formación Profesional Básica

Solicitud de praza: Primeira semana setembro. Matricula: 3ª semana de setembro.

Educación Secundaria de Adultos

Inscripción: Entre o **1 e o 15 de xuño**.

Matrícula: Entre o **1 e o 15 de setembro**. Para o alumna do de nova incorporación ao centro no 2º cuatrimestre deberá realizar a matrícula entre o **10 e 16 de xaneiro**.

SOLICITUDE DE MATRÍCULA 1º BACHARELATO

Modalidade de Ciencias

Bloque de materias TRONCAIS

- ☒ Filosofía. ☒ Lingua galega e literatura I
- ☒ Lingua castelá e literatura I ☒ **1º Lingua Estranxeira** (escoller unha)
- ☐ Inglés
- ☐ Francés
- ☒ Matemáticas I

☒ Opción de bloque (escoller dúas)**

- ☐ Bioloxía ☐ Física e química. ☐ Debuxo Técnico I

Bloque de materias ESPECÍFICAS

☒ Educación física.

☒ Escoller mínimo dous, máximo tres materias (total 7 horas)*

- | | |
|---|--|
| ☐ Análise Musical I 3 | ☐ Linguaxe e Práctica Musical 3 |
| ☐ Anatomía Aplicada 3 | ☐ Segunda Lingua Estranxeira 3 |
| ☐ Cultura Científica 3 | ☐ Tecnoloxía Industrial I 3 |
| ☐ Debuxo Artístico I 3 | ☐ TIC I 3 |
| ☐ Debuxo Técnico I 3 | ☐ Volume 3 |

☐ Materia troncal de opción non cursada ** 4

☐ Relixión 1

☐ **Libre Configuración do Centro** 1

*Podes escoller 2 dúas materias de 3 horas e unha de 1 hora, ou unha materia de 4 horas e unha de 3 horas

Humanidades e Ciencias Sociais

Bloque de materias TRONCAIS

☒ Filosofía.

☒ Lingua castelá e literatura I

☒ Lingua galega e literatura I

☒ **1º Lingua Estranxeira**
(escoller unha)

☐ Inglés

☐ Francés

☐ **Modalidade Ciencias Sociais**
☐ **Modalidade Humanidades**
☒ Mat aplicadas as ciencias sociais I

☒ Latín I

☒ Opción de bloque (escoller dúas)**

☐ Economía.

☐ Hist. do Mundo Contemporáneo

☐ Grego I.

☐ Literatura Universal

Bloque de materias ESPECÍFICAS

☒ Educación física.

☒ Escoller mínimo dous, máximo tres materias (total 7 horas)*

☐ Análise Musical I 3

☐ Linguaxe e Práctica Musical 3

☐ Anatomía Aplicada 3

☐ Segunda Lingua Estranxeira 3

☐ Cultura Científica 3

☐ Tecnoloxía Industrial I 3

☐ Debuxo Artístico I 3

☐ TIC I 3

☐ Debuxo Técnico I 3

☐ Volume 3

☐ Materia troncal de opción non cursada ** 4

.....

☐ Relixión 1

☐ **Libre Configuración do Centro** 1

*Podes escoller 2 dúas materias de 3 horas e unha de 1 hora, ou unha materia de 4 horas e unha de 3 horas



A Gandara 25, Vimianzo, 15129 A Coruña

Tel: 981716376

Email: ies.terradesoneira@edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**